

## «A chama da regueifa non debe morrer»

• *Este patrimonio oral, do que Blanco é estudoso, tratarase o sábado en Tallo*

PATRICIA BLANCO (/FIRMAS/PATRICIA-BLANCO). Carballo / La Voz, 18 de marzo de 2015. Actualizado a las 05:00 h.

★★★★★ 0 votos



FOTO: ANA GARCIA.

A escola de Tallo (Ponteceso) acollerá este sábado (17.30) unha polafía -reunión festiva na que se pon en valor, por exemplo, o patrimonio oral- organizada pola AELG, co patrocinio da Xunta e a Deputación e a colaboración do Concello de Ponteceso, a Fundación Eduardo Pondal e as profesoras do CRA Nosa Señora do Faro. Andan traballando cos nenos na regueifa, que terá moito protagonismo na cita. Desa arte da dialéctica ten publicado moito Domingo Blanco (Cariño, 67 anos), profesor durante catro decenios, recentemente xubilado e afincado agora en Vigo. Este sábado non poderá estar en Tallo, mais gustaríalle. Blanco, que ten publicado a obra *A regueifa en Cabana de Bergantiños*, fala da importancia deste patrimonio oral.

-Salvo entidades ou persoas individuais que loitan, a regueifa pérdese. Non se valora. ¿Ten esa percepción vostede?

-Coincidimos. Sucede con ela coma co galego. Semella que a xente, segundo vai colocándose en certos estratos, vai esquecendo ou dándolle menos valor. A regueifa parece que o foi perdendo, comparada coa música instrumental sofisticada que pode gustar hoxe, pero tamén hai que dicir que outras sociedades puxeron máis en valor este patrimonio. Por exemplo, os vascos. Non hai comparación. Nun curso de postgrao na USC falei de regueifas e púxenlles un vídeo de Calviño e de Costa, dous de Bergantiños. Quedaron sorprendidos os vascos porque non esperaban ver un chaval novo, ben parecido, seguro de si mesmo, cantidade de xente... Está claro que non fixemos, como colectivo, o esforzo suficiente para darlle á regueifa, un tipo de cultura autóctona propia, o lugar que merecía. Pero isto non acabou, a chama da regueifa non debe morrer. Por máis que fisicamente algúns regueifeiros xa non estean, aínda teñen moito que contarnos.

-É o tempo de facer algo. En Bergantiños poucos quedan.

-Dos clásicos, Guillermo da Rabadeira. Logo, dous algo máis novos, Antonio e Suso, pero eles chegaron cando o público xa estaba algo retirado, aquel público das eiras e do agro desaparecera. Pero, vamos, que aí están e dá xenio escoitalos [ri]. ¿Que temos que facer? Ir traballando o público máis novo. Non pode ser a regueifa como era antes, pero hai que ver como se pode conectar con eles. Iso é o que están intentando en Cabana ou en Valadares (Vigo). Logo, as institucións, persoalmente creo que non están moito pola labor. E falo de experiencia. No 90 e tantos houbo un congreso en Las Palmas de Poesía improvisada de España e América. Dixérame un organizador se podía levar xente de aquí e dixeron que si. Fun falar con Calviño e Costa. Pedimos un orzamento. Por 125.000 pesetas, estancia, viaxe e todo. Era o que tiña que gastar Cultura. Política Lingüística contestoume nun papel de moi boa calidade que o presuposto para o ano estaba esgotado. Fomos os únicos, Galicia, parvos, que por 125.000 pesetas non levaron testemuña. Dende aquela xa... Revitalizar a regueifa é case unha cuestión persoal. Isto hai que removelos, non pode ser así.

-¿A maiores do libro de Cabana, ten material inédito da regueifa?

-Fixen un traballo de campo por aí durante anos e si que teño material doutras zonas. De Bergantiños é de onde máis, onde fixen as entrevistas máis interesantes. Acadei datos, por exemplo, do Piloto de Vilar Ramilo, un dos grandes esquecidos. Tamén de Blanco, o mestre dos restantes. Sería interesante difundilo dalgunha maneira, porque hai datos que botan moita luz sobre a nosa cultura, a maneira de divertirmos e de convivir, daquela sociedade. A regueifa fálanos mellor ca unha ducia de libros, do que gustaba e do que non, dos temas que se sacaban ou de como evolucionou a lingua oral. Sabía da tradición bergantiñá, pero sorprendeume. Costa, seguro do seu xeito de facer, sen complexo, igual ca Calviño. Tiñanlle aprecio á súa cultura. Bergantiños foi a zona onde a regueifa resistiu. Noutros sitios foi morrendo, en parte por unha xestión primitiva das liortas. Ten habido mortos nos anos corenta e pico. Bergantiños soubo facer dunha cultura que ao primeiro se asociaba ás vodas, algo laico, para min onde máis mérito artístico tivo, onde chegaron ás máis altas cotas de perfección técnica. É difícilísimo, esa capacidade, o que fai en poucos segundos unha persoa que ao mellor tivo tres anos de escola, e cun vocabulario amplo.